

DONA M^a LUISA DE LA RED AMPUDIA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día trinta de marzo de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PARTE RESOLUTIVA

2.12. Aprobación inicial, se procede, da modificación do artigo 6 da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de marzo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto a ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, aprobada pola Corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 24 de febreiro de 2014 con carácter inicial e publicada no BOP nº 81 do mércores 30 de abril de 2014.

Visto o informe emitido pola animadora deportiva adscrita a Educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, engadindo ao final do artigo 6 unha nova alínea, e quedando o artigo redactado tal e como se transcribe a continuación:

“Artigo 6.- Terán preferencia para participar nas actividades as persoas empadroadas no Concello de Cambre e, seguidamente, aquelas non empadroadas que traballen no termo municipal e por último os non empadroados no Concello de Cambre. En casos puntuais, terá preferencia a persoa que trala valoración e/ou informe técnico correspondente, debidamente xustificado, necesite con base en criterios sociais ou doutra índole participar nunha determinada actividade.

En determinadas actividades, segundo se marque na convocatoria correspondente, priorizarase a selección de persoas que non participaron nesa actividade en edicións anteriores.

A selección dos participantes nas actividades de conciliación da vida laboral e familiar, por estar vinculadas a subvencións ou axudas doutras administracións nas que se fixe o criterio de selección dos participantes ou por favorecer a determinados grupos de poboación (traballadores e traballadoras), establecerase segundo se marque na súa convocatoria.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integralmente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 23 de marzo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, a concelleira de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.”

E para que conste e produza os oportunos efectos e coa salvidade e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) asino esta certificación por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde don Óscar A. García Patiño.

Visto e praxe
O alcalde

A secretaria xeral

Óscar A. García Patiño

Documento asinado electronicamente no marco do disposto nos artigos 17 e seguintes da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e normas concordantes. Pode comprobarse a súa autenticidade introducindo o CVD (código de validación) que figura á marxe do documento na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es>